



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### *Anuncio*

**Resolución do 3 de agosto de 2021, da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción, e se declara a utilidade pública, en concreto, para os efectos da urxente ocupación, a instalación eléctrica "LMT DERIVADA CANABAL-CAMPO DA FESTA", no concello de Sober (Exp. 2020/14 A.T.)**

Examinado o expediente instruído a instancia da empresa UFD Distribución Electricidad S.A., con enderezo para os efectos de notificación en Avda San Luis, 77, 28033 Madrid, aprécianse os seguintes

##### **Antecedentes de feito.**

**Primeiro.**-Con data 20 de abril de 2020, a citada empresa solicita a autorización administrativa previa e de construción e a declaración de utilidade pública, en concreto, para a instalación eléctrica "LMT DEIVADA CANABAL-CAMPO DA FESTA", no concello de Sober, presentando o preceptivo proxecto das instalacións a que fai referencia o Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE 27 de decembro do 2000, núm. 310), que regula as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica e xuntando a relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados pola instalación que determina a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE do 27 de decembro de 2013, núm. 310) e o artigo 143 do Real decreto 1955/2000, antes citado.

**Segundo.**- O proxecto someteuse a información pública para os efectos previstos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, mediante resolución desta xefatura territorial do 12 de febreiro de 2021. Esta resolución foi publicada no diario El Progreso do 26 de febreiro de 2021, no BOP de Lugo do 2 de marzo de 2021 e no DOG do 15 de marzo de 2021, no taboleiro de anuncios da citada xefatura territorial e no taboleiro de anuncios do concello de Sober. Con esta resolución inseríase a relación de bens e dereitos afectados.

Así mesmo, practicouse notificación individual aos interesados incluídos na referida relación de bens e dereitos afectados.

**Terceiro.**- Enviáronselles separatas relativas ao proxecto aos diferentes organismos afectados e cumpríronse os trámites establecidos no artigo 127 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

**Cuarto.**-Durante o trámite de información pública presentaron alegacións os Herdeiros de Fernando López Martínez, as cales foron respostadas pola empresa e enviadas ós alegantes o 23 de xullo de 2021.

**Quinto.**-Persoal dos servizos técnicos desta xefatura territorial emitiu informe favorable sobre a solicitude obxecto deste expediente, de acordo co disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro. Igualmente, unha vez revisado sobre o terreo o trazado da liña eléctrica proxectada, infórmase polos referidos servizos técnicos que non se dá ningunha das limitacións para a imposición da servidume de paso de enerxía eléctrica ás que se refire o artigo 161 do Real decreto 1955/2000, en relación co artigo 58 da Lei 24/2013, sobre as fincas incluídas na relación de bens e dereitos que foi obxecto de información pública e sobre as que a empresa beneficiaria non chegou a un acordo amigable cos seus propietarios.

A este feitos son de aplicación os seguintes

##### **Fundamentos de dereito.**

**Primeiro.**-A esta xefatura territorial correspóndelle resolver sobre a presente solicitude. de acordo coas competencias que resultan do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e tendo en conta o Decreto 9/2017 do 12 de xaneiro (DOG n.º. 22 do 1 de febreiro), sobre órganos competentes para autorización de

instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, en relación co Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, e a Lei 24/2013, do 26 de decembro do sector eléctrico.

**Segundo**-No expediente cumpríronse os trámites sinalados no artigo 53 da citada lei 24/2013, e os regulamentarios previstos nos capítulos II e V do título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, que regula o procedemento de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

**Terceiro**- Á vista do informe técnico e do resto da documentación que figura no expediente, considérase que procede a autorización da instalación eléctrica.

**Cuarto**- Sen prexuízo do anterior, cómpre ter en conta que consonte ao artigo 151 do citado Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, en calquera momento a empresa beneficiaria e os titulares dos necesarios bens e dereitos poden convir un mutuo acordo, causando a correspondente conclusión do expediente expropiatorio.

De acordo co exposto e en virtude das competencias que ten atribuídas, esta xefatura territorial

#### **RESOLVE:**

**Primeiro**. Conceder a autorización administrativa á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. para o establecemento da instalación eléctrica denominada "LMT DERIVADA A CT CANABAL CAMPO DA FESTA", no concello de Sober, coas seguintes características técnicas principais:

- Liña de media tensión aérea a 20 kV, con unha lonxitude de 375 m., con orixe en apoio proxectado tipo C-12/1000 que substitúe ao existente nº 67- 2-3 da LMT MOF805 Peares, condutor tipo LA-56 e final en apoio de celosía metálico existente nº 67-B-2-13 da LMT MOF805.

**Segundo**. Conceder a autorización administrativa de construción para a execución do proxecto da instalación eléctrica "LMT DERIVADA A CT CANABAL CAMPO DA FESTA".

**Terceiro**. Declarar a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica obxecto do presente expediente, o que implica a necesidade de ocupación dos bens ou da adquisición dos dereitos afectados e a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa. Por isto, en cumprimento do disposto neste artigo, acórdase que polo representante da Administración se dea comezo, na data e hora que a cada interesado se lle notificará individualmente, ao levantamento das actas previas á ocupación dos predios contidos na relación de bens e dereitos publicada no diario El Progreso do 26 de febreiro de 2021, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 2 de marzo de 2021 e no Diario Oficial de Galicia do 15 de marzo de 2021, expostas no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e no taboleiro de anuncios do concello de Sober. Así mesmo, faise constar que ata o momento do levantamento das actas previas, poderanse formular as alegacións que se consideren oportunas, aos efectos de rectificar posibles erros na relación de bens afectados que foi obxecto de publicación nos medios e nas datas anteriormente referidos. Estas alegacións deberanse presentar por escrito perante esta Xefatura Territorial de Economía, Empresa e Innovación, (Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Rolda da Muralla 70, 27071, Lugo).

Todo isto de acordo coas condicións seguintes:

**Primeira**. As instalacións que se autorizan terán que realizarse de acordo coas especificacións e cos planos que figuran no proxecto "LMT DERIVADA A CT CANABAL-CAMPO DA FESTA" presentado pola empresa UFD Distribución Electricidad S.A.

**Segunda**. O petionario asegurará o mantemento e a vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que se manterán as condicións regulamentarias de seguridade con carácter permanente.

**Terceira**. Deberase cumprir canto establece a lexislación técnica de liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, de acordo co Real Decreto 223/2008, do 15 de febreiro, así como, de ser o caso, a lexislación aplicable ás instalacións de baixa tensión e as súas instrucións técnicas complementarias de acordo co Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, ademais do resto de normativa e directrices vixentes que sexan de aplicación.

**Cuarto**. Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria a autorización previa desta xefatura territorial.

**Quinto**. O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

**Sexto**. Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpor recurso de alzada ante o Vicepresidente Segundo e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación / publicación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro recurso que estimen pertinente.

Lugo, 3 de agosto de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 4212

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO

#### Anuncio

#### RELACIÓN DE ENTIDADES ADMITIDAS, EN AGARDA E SOLICITUDES EXCLUÍDAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA "COÑECE A TÚA PROVINCIA" (ANUALIDADE 2021)

Con data 13 de agosto de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a listaxe de entidades admitidas, en agarda e excluídas para participar no programa *Coñece a túa Provincia* (anualidade 2021). Para dar cumprimento a dito acordo, e a teor do establecido na base reguladora séptima da convocatoria do programa (BOP 147 de data 30 de xuño de 2021), dáse publicidade ás correspondentes listaxes aos efectos oportunos.

#### LISTAXE DE ENTIDADES ADMITIDAS

Nº	Entidade	Data e hora rexistro	Nº de prazas concedidas*
1	CENTRO RECREATIVO CULTURAL Y DEPORTIVO DE BAAMONDE	01/07/2021 0:06	20
2	ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DA LIGA SANTABALLESA	01/07/2021 0:07	20
3	ASOC VECIÑOS HOMBREIRO RIO MIÑO	01/07/2021 9:50	20
4	AMURAXE	01/07/2021 10:16	15
5	ASOC LOCAL DE PENSIONISTAS Y JUBILADOS DE MEIRA	01/07/2021 10:59	20
6	ASOC CULTURAL AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO	01/07/2021 11:03	20
7	ASOC DE VECINOS DE COESSES AGRO MAYOR	01/07/2021 11:18	20
8	ASOC CULTURAL VECIÑAL RIO POMBO	01/07/2021 12:09	20
9	ASOC DE VECIÑOS DE CASTRO DE CUIÑAS	01/07/2021 12:36	20
10	ASOC VECINAL ALEXANDRE BÓVEDA PARADAI	01/07/2021 13:54	20
11	FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL (MONFORTE)	01/07/2021 13:59	20
12	ASOC DE VECINOS COMERCIANTES E INDUSTRIALES DISTRITO MILAGROSA	01/07/2021 14:20	20
13	FEDERACIÓN DE AAVV DE LUGO LUCUS AUGUSTI	01/07/2021 14:34	20
14	ASOC DE MULLERES SAN BARTOLOMEU DE INSUA	01/07/2021 14:44	20
15	ANPA ABELLA DO CEIP CASAS	01/07/2021 16:22	20
16	ASOC. SINDROME DOWN	01/07/2021 17:27	20
17	ASOC CULTURAL DE VECIÑOS Y COMERCIANTES DE LA RESIDENCIA LUGO ASCORELU	01/07/2021 19:57	20
18	ASOC CARPE DIEM-LUGO	01/07/2021 20:13	20
19	ASOC DE MULLERES RURAIS DEL CHAO	01/07/2021 20:57	20
20	ASOC DE VECINOS SANTA EULALIA	01/07/2021 23:23	20

21	ASOC VECIÑAL SAN MIGUEL DE VILADEMOUROS	01/07/2021 23:50	20
22	ASOC ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER (LUGO)	02/07/2021 8:53	20
23	ASOC ALIAD - ULTREIA	02/07/2021 9:50	20
24	ASOC. DE MULLERES SANTA MARIA DE TORRE	02/07/2021 10:03	20
25	ASOC. MULLERES RURAIS A XUNTANZA DE CASTRO DE REI	02/07/2021 10:05	20
26	ASOC. VECINOS DE BENADE CALBRAVA	02/07/2021 10:07	20
27	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS LEDICIA	02/07/2021 10:09	20
28	APA COLEGIO PUBLICO DE LAGOSTELLE DE GUITIRIZ	02/07/2021 10:24	20
29	ASOC. SAN VICENTE DE PÍAS RÍO DE MARCOS	02/07/2021 11:15	20
30	ASOC DE VECINOS SANTIAGO DO REQUEIXO	02/07/2021 12:01	20
31	ASOC AXUDA Ó ENFERMO MENTAL A MARIÑA	02/07/2021 12:08	20
32	ASOC DE VECINOS SAN PASTOR	02/07/2021 12:25	20
33	ASOC VENCINAL CULTURAL PIÑEIRO RANCHO GRANDE	02/07/2021 12:36	20
34	ASOC DE VECIÑOS DE RIVASALTAS	02/07/2021 13:13	20
35	ASOC PLAZA DAS ILLAS	02/07/2021 13:44	20
36	CENTRO DE ANIMACIÓN RURAL REMANSIÑO DO SIL - SAN CLODIO	02/07/2021 13:58	20
37	ASOC MULLERES RURAIS OLVIDO	02/07/2021 15:11	20
38	ASOC. AMIGOS DO PATRIMONIO DE CASTROVERDE	02/07/2021 16:44	20
39	ASOC CORO PARROQUIAL DE RIORTORTO	02/07/2021 18:05	20
40	ASOC. DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL DE LUGO	02/07/2021 18:29	18
41	AS BULIDOIRAS	02/07/2021 21:21	20
42	ASOC. VECIÑOS O CADAVAL	03/07/2021 9:55	20
43	ASOC CULTURAL VAL DE LANCARA	03/07/2021 21:08	20
44	ASOC. DE VECINOS CULTURAL E DEPORTIVA OS CINCO RIOS	04/07/2021 18:33	20
45	ASOC. DE VECIÑOS O PAZO SANTA MARIÑA	04/07/2021 19:42	20
46	ASOC. VECINOS SAN JUAN DA ALAMEDA	05/07/2021 9:50	20
47	ASOC. DE VECIÑOS SANTA LUCIA	05/07/2021 11:15	20
48	ASOC. DE VECINOS STA EULALIA DE ESPERANTE	05/07/2021 12:09	20
49	ASOC. CULTURAL CASA DA ESCOLA DE BORDELLE	05/07/2021 12:44	20
50	ASOC VECIÑAL OS MILAGRES SAAVEDRA	05/07/2021 13:04	20
51	ASOC CULTURAL E VECIÑAL NOSA SEÑORA DAS ANGIUSTIAS DE SOEXO	05/07/2021 13:42	20
52	ASOC DE VECIÑOS SAN CRISTOVO DE MOURICIOS	05/07/2021 14:01	20
53	DIACONIA	05/07/2021 15:51	20
54	ASOC. AXEL ASOC. DE XOVENES EMPRENDEDORES LUCENSES	05/07/2021 18:56	20

55	ASOC DE VECINOS OS SEIS MUIÑOS	05/07/2021 20:02	20
56	ASOC. RECREATIVA E CULTURAL S. MARTIÑO DE PINO	05/07/2021 20:03	20
57	ASOC CULTURAL ANTARUXAS E SORTEIROS DE FUENSAGRADA	05/07/2021 21:16	20
58	ASOC DE INMIGRANTES E RETORNADOS RIOPLATENSES	06/07/2021 0:20	20
59	ASOC VECIÑAL E CULTURAL ALDEA NOSA	06/07/2021 9:19	20
60	ASOC DE VECIÑOS E CULTURAL AUGAS FERREAS DE VILEIRIZ	06/07/2021 9:21	20
61	ASOC VECIÑAL DE RIVAS DE MIÑO. PARAMO	06/07/2021 9:22	20
62	ASOC. DE VECIÑOS DE SAN ESTABAN DE LA MOTA	06/07/2021 9:24	20
		Total de prazas	1233

\*En aplicación da *ORDE do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia* e sen prexuízo de calquera outra normativa que puidese entrar en vigor despois da data de aprobación desta listaxe.

#### LISTAXE DE ENTIDADES EN AGARDA

Nº	Entidade	Data e hora rexistro
1	ASOC. DE XOGOS TRADICIONAIS DE MUIMENTA XOTRAMU.	06/07/2021 10:32
2	ASOC SAN PEDRO DE STA COMBA OS FERREIROS	06/07/2021 11:04
3	ASOC DE VECIÑOS DE SANTA MARTA DE MEILAN	06/07/2021 11:52
4	ASOC DE VECINOS, CULTURAL Y DEPORTIVA REMEITE DE SAN CLODIO	06/07/2021 12:00
5	ASOC LOCAL DE PENSIONISTAS Y JUBILADOS LUCUS AUGUSTI DEL MUNICIPIO DE LUGO	06/07/2021 12:56
6	APA DEL COLEGIO PÚBLICO DE PIEDRAFITA DO CEBREIRO	06/07/2021 13:27
7	ASOC DE VECIÑOS SAN MAMEDE DE OIRAS	06/07/2021 14:55
8	ASOC DEL CUARTO CICLO DEL CAMPUS LUGO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	06/07/2021 18:19
9	ASOC.DE VECIÑOS DA PARROQUIA DE SANTIAGO DE SANCOVADE	06/07/2021 18:44
10	ASOC DE VECIÑOS DE SAN ROMAN DO VICEDO	06/07/2021 21:14
11	ASOC VECINOS RÚA ALTA	07/07/2021 9:46
12	ASOC. VECINOS DE SAN COSME DE NETE	07/07/2021 12:09
13	ASOC ALUME SAUDE MENTAL	07/07/2021 12:18
14	APA DE LOS CENTROS DOCENTES DE FONSAGRADA	07/07/2021 12:35
15	ASOC O PIÑEIRO SANTA MARIA DE TUIRIZ	07/07/2021 13:41
16	ASOC DE MUJERES EMPRESARIAS DE LA PROVINCIA DE LUGO	07/07/2021 14:58
17	ASOC DE VECINOS MARIA CASTAÑA	07/07/2021 17:07
18	ASOC E-DEIDADES PARA A INTEGRACIÓN SOCIAL E LABORAL DA MULLER	07/07/2021 17:17
19	UNION GENERAL DE TRABAJADORES DE ESPAÑA (UXP LUGO, COSTA E LEMOS)	08/07/2021 12:35
20	ASOC MULLERES RURAIS DE BEGONTE	08/07/2021 13:45
21	ASOC. MULLERES RURAIS O NOSO-LAR	08/07/2021 13:45

22	ASOC. CULTURAL E DEPORTIVA O CASTRO DE VILARONTE	08/07/2021 18:59
23	ASOC BENEFICO CULTURAL HIJOS DE SAN MIGUEL Y REINANTE	09/07/2021 10:42
24	ASOC BESOL	09/07/2021 12:00
25	ASOC DE VECIÑOS SAN VICENTE DE LAGOA	09/07/2021 13:22
26	ASOC ORFEON XOAN MONTES	09/07/2021 13:25
27	ASOC RAICES PERUANAS	09/07/2021 13:33
28	SOCIEDADE MICOLÓXICA LUCUS	09/07/2021 20:18
29	ASOC VECIÑAL PENAS DE SAN XOÁN DE ALAXE - O VALADOURO	11/07/2021 23:57
30	ASOC VECIÑAL DO SAVIÑO	12/07/2021 13:19
31	ANPA CEIP ROSALÍA DE CASTRO	12/07/2021 21:14
32	ASOC VECIÑAL DE SANTIAGO DE SAÁ	12/07/2021 21:49
33	ASOC DE MULLERES DA PARROQUIA DE FURCO	12/07/2021 23:34
34	ASOC DE VECINOS DE SAN GREGORIO DE FURCO	13/07/2021 0:07
35	ASOC VECINAL INSUA ZOQUEIRA	13/07/2021 11:45
36	ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS A PONTENOVA	14/07/2021 8:22
37	ASOC PROV DE AMAS DE CASA E CONSUMIDORES DE LUGO. LUCUS	14/07/2021 9:36
38	ASOC DE VECIÑOS DE SAN XOSE DE VILASECA	14/07/2021 9:50
39	ASOC CULTURAL E DE VECIÑOS FUMIÑA - PARAXES	14/07/2021 11:21
40	ASOC DA TERCEIRA IDADE DE MONTERROSO	14/07/2021 12:11
41	ASOC VECIÑOS ESCOLA HABANERA DE TARDADE	14/07/2021 13:12
42	ASOC CULTURAL RECREATIVA E DEPORTIVA ATURUXEIRO DE BRAVOS	14/07/2021 13:39
43	ASOC. DE PREJUBILADOS Y JUBILADOS XUBILIA LUCUS	15/07/2021 11:55
44	ASOC DE MULLERES RURAIS FONTE DA XONZA	15/07/2021 12:13
45	INSTITUTO DE ESTUDOS CHAIREGOS PENA DO ENCANTO	15/07/2021 12:28
46	ASOC DE VECIÑOS CASCO ANTIGUO DE VIVEIRO	15/07/2021 16:09
47	ASOC. PRESTANCIA DE LUGO	16/07/2021 11:17
48	ASOC. DE VECIÑOS, SOCIOCULTURAL E MEDIOAMBIENTAL DE SAN ADRIANO	16/07/2021 12:10
49	ASOC CULTURAL O FORNO DA VELLA	16/07/2021 12:22
50	ASOC DE VECINOS DE A CAPELA	16/07/2021 12:55
51	CORAL POLIFONICA DE PALAS DE REI	16/07/2021 (Correos)
52	ASOC. PADRES DE ALUMNOS CEIP SAN XOAN BECERREA	18/07/2021 11:37
53	ASOC DE VECIÑOS E VECIÑAS DE SANTA COMBA DE ORREA	18/07/2021 20:47
54	ASOC CULTURAL - VECIÑAL A RIGUEIRA	19/07/2021 1:31
55	CENTRO DE INICIATIVAS TURÍSTICAS EN CERVO	19/07/2021 11:08
56	ASOC. DE VICIÑOS SANTA CRUZ DE VIANA	19/07/2021 11:57

57	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS TORRE DE ARCOS	19/07/2021 11:59
58	APA DEL COLEGIO PUBLICO COMARCAL DE ANTAS DE ULLA	19/07/2021 12:12
59	ASOC DE VECINOS VILAMAYOR	19/07/2021 14:23
60	AUXILIA (MONFORTE)	19/07/2021 23:01
61	ASOC. DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS DO CEIP XOSE LUIS TABOADA	20/07/2021 18:46
62	AGRUPACIÓN DE MAIS E PAIS DE ALUMNOS A ULLOA DE PALAS DE REI	21/07/2021 9:53
63	ASOC CENTRO DE INSTRUCCION Y RECREO DE BENQUERENCIA	21/07/2021 12:35
64	ASOC ANPA CEIP O SALVADOR	22/07/2021 0:02
65	ASOC LOCAL DE PENSIONISTAS E XUBILADOS (UDP) DE GUITIRIZ Y SU COMARCA	22/07/2021 10:02
66	ASOC VECIÑAL IRMANDADE NAVIEGA	22/07/2021 12:40
67	ASOC DE PENSIONISTAS Y JUBILADOS O RAMALLO DE PORTOMARÍN	22/07/2021 13:24
68	ASOC VECIÑAL DE MOR	24/07/2021 14:20
69	ASOC. AMAS DE CASA VIRXE DO CARME DE FOZ	26/07/2021 1:46
70	ASOC DE VECIÑOS SOCIOCULTURAL E MEDIOAMBIENTAL "SAN PEDRO FIZ DA CAZOLGA"	26/07/2021 12:14
71	ASOC. DE VECIÑOS AJUILAOUCA	26/07/2021 13:15
72	ASOC CULTURAL CAMPO DA FEIRA	27/07/2021 9:23
73	ASOC. VECINAL Y CULTURAL MONTE DO CALVARIO	27/07/2021 15:25
74	ASOC PATRIMONIO LAURENTINO	28/07/2021 11:41
75	ASOC DE SENDERISMO TRABADA PASO A PASO	28/07/2021 13:01
76	ASOC DE VECINOS IRMANS VILAR PONTE DE BRAVOS	28/07/2021 13:38
77	ASOC. VIANDANTES DO CAMIÑO PRIMITIVO OU OVETENSE	28/07/2021 17:37
78	ASC DE VECIÑOS DISTRIZ - VILLALBA SAN MARTIÑO	30/07/2021 13:28
79	ASOC. VECIÑAL STA. MARTA DE SAN XOAN DE SILVARREI	30/07/2021 14:19

#### LISTAXE DE SOLICITUDES EXCLUÍDAS

Nº	Entidade	Motivo da exclusión
1	FUNDACION GALICIA OBRA SOCIAL (VIVEIRO) Solicitud entregada o 05/07/2021 10:19	No punto 3.3 das Bases da convocatoria do programa <i>Coñece a túa provincia</i> (anualidade 2021) sinalase que <i>cada entidade interesada poderá presentar como máximo unha solicitude por convocatoria. No caso de que presenten máis dunha solicitude, só se terá en conta a rexistrada en primeiro lugar.</i> Neste caso a entidade FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL (MONFORTE), con idéntico NIF, entregou a solicitude o 01/07/2021 ás 13:59 horas, figurando na listaxe de entidades admitidas, polo que se procede á desestimación das solicitudes presentadas <i>a posteriori</i> polas sedes de Viveiro e Lugo ao tratarse da mesma entidade.
2	FUNDACION GALICIA OBRA SOCIAL (LUGO) Solicitud entregada o 07/07/2021 13:05	

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e do 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso- Administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados dende o día

seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo. En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza desestimación por silencio administrativo.

Lugo, 13 de agosto de 2021. - O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.- A Secretaria Xeral, M<sup>a</sup> Esther Álvarez Martínez.

R. 2443

---

## CONCELLOS

### AS NOGAIS

#### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 10 de agosto de 2021 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de xullo de 2021.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 10 de agosto de 2021.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2413

---

## O PÁRAMO

#### *Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía de **data 3/08/2021**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **JULIO** de 2021, polo importe total de **3.055,78€**

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 3 de agosto de 2021.- O Alcalde- Presidente, D. Jose Luis López López.

R. 2114

---

## QUIROGA

#### *Anuncio*

### **APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CEMITERIO MUNICIPAL E OUTROS SERVIZOS FÚNEBRES**

Sendo aprobada inicialmente a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola prestación de servizos no Cemiterio Municipal e outros servizos fúnebres por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 25 de xuño de 2021, e transcorrido o prazo de trinta días hábiles de exposición pública mediante anuncio publicado no BOP núm. 146, de data 29/06/2021, e no taboleiro de edictos do concello, sen que durante o devandito prazo se tivera formulado ningunha alegación, reclamación ou suxestión, elévase a definitiva a aprobación inicial e publícase integramente o texto da ordenanza en cumprimento do preceptuado no art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local



## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CEMITERIO MUNICIPAL E OUTROS SERVIZOS FÚNEBRES

### Artigo 1. - fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 57 e 20.4 letra p) do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do mesmo texto legal o concello de Quiroga establece a taxa por servizos no cemiterio municipal, condución de cadáveres e outros servizos fúnebres de carácter local.

### Artigo 2.- feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación de servizos no cemiterio municipal, tales como asignación de espazo para enterramentos, permiso de construcións de panteóns ou sepulturas, ocupación dos mesmos, redución, incineración, movemento de lápidas, colocación de lápidas, enreixados e adornos, atención ós espazos destinados ó descanso dos defuntos e calquera outro que, de conformidade co previsto no Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria sexa procedente ou se autorice a instancia de parte.

### Artigo 3.- suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades que establece o ARTIGO 35.4 da Lei xeral tributaria que sexan solicitantes ou que resulten beneficiados da concesión da autorización ou da prestación do servizo e, se é o caso, os titulares da autorización concedida.
2. Os obrigados tributarios non residentes en España deberán nomear a un representante con domicilio en territorio español e deberá comunicalo ó Concello.

### Artigo 4.- responsables

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas física ou xurídicas determinadas como tales na Lei Xeral Tributaria. A derivación de responsabilidade farase, previa audiencia ao interesado, ditando o correspondente acto administrativo nos termos establecidos no texto legal citado neste ARTIGO.

### Artigo 5.- exencións subxectivas

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de:

- a) Os enterramentos das persoas con poucos recursos económicos, e previo informe dos servizos sociais do Concello.
- b) As inhumacións que ordene a autoridade xudicial e que se efectúen na fosa común.
- c) Toda inhumación, exhumación o reinhumación realizarse coa autorización expedida polos servizos municipais e das autoridades sanitarias correspondentes nos casos que sexan necesarios.
- d) Toda exhumación deberá realizarse seguindo as normas hixiénicas e sanitarias adecuadas para cada caso. O persoal encargado da súa execución deberá usar guantes resistentes e máscaras.

### Artigo 6.- cota tributaria

A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:

#### A. construción

##### 1. Venta de nichos e sepulturas:

###### 1.1. 50 anos

1.1.1 Nichos de tres alturas 5.500 €

1.1.2 Nichos de catro alturas 6000 €

1.1.3 Ocos para depósitos de restos de incineración 560 €

1.2. Nichos con ocos abertos, construídos a base de formigón armado estanco.

1.3. En canto ás sepulturas, estas cumprirán o seguinte:

- **Panteóns** (nichos soterrados): as medidas mínimas do oco interior das sepulturas serán as seguintes: ancho de 0,80 metros, altura de 0,70 metros e lonxitude de 2,40 metros, cun corredor interior de 0,80 metros de separación entre unhas e outras.

En canto a profundidade total do panteón será como máximo de 3 sepulturas soterradas e unha sepultura sobre rasante.

##### - Nichos:

- a) As medidas do oco interior dos nichos serán as seguintes: terá, como mínimo, 0,90 metros de ancho por 0,75 metros de alto e 2,40 metros de profundidade.

b) Os materiais utilizados na construción dos nichos serán impermeables. Cada unidade de enterramento e o sistema no seu conxunto será permeable, asegurándose unha drenaxe adecuada e unha expansión dos gases en condicións de inocuidade e saída ao exterior pola parte máis elevada.

c) No caso de que se empreguen sistemas prefabricados, reunirán as mesmas características que as esixidas para os nichos neste artigo, e a separación vertical e horizontal das

sepulturas virá dada polas características técnicas de cada sistema construtivo. Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 19.2 da Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, poderán utilizarse sistemas legalmente fabricados ao amparo da normativa dun lugar do territorio español.

- **Cinceiros:** terán como mínimo 0,40 metros de ancho, 0,40 metros de alto e 0,60 metros de profundidade.

## 2 De terreos para a construción de panteóns:

2.1. Por cada concesión 50 anos 4.000 €

### B. alugueiros

De ocos para depósitos de cinsa, por incineración de cadáveres, por un tempo máximo de dez anos, pagarán ó ano 60 €.

### C. atencións no cemiterio

Por cada sepultura, cabida, oco ou altura, pagarán ó ano 5 €.

### D. licenzas para inhumacións e traslados

#### 1. Inhumacións

1.1. En panteóns

1.1.1. Sen capela 120 €

1.1.2. Con capela 231 €

1.2. En criptas 60 €

1.3. En nichos 59 €

1.4. En sepulcros 40 €

#### 2. Traslados

2.1. Dentro do Cemiterio 60 €

2.2. Exhumacións para traslados a outros cemiterios 120 €

### E. transmisións

#### 1. Entre vivos

Pagarán as mesmas cotas que nas concesións a que se refire o parágrafo correspondente desta tarifa, excepto cando a transmisión sexa entre parentes ós que se refire o número seguinte. Nese caso aplicaranse os dereitos nel regulados. En todo caso, requírese que a transmisión sexa autorizada pola Corporación no cambio de titular e rexistrada nos libros correspondentes.

#### 2. Por causa de morte

Seguindo as normas do Código Civil para os graos de parentesco por consanguinidade, afinidade ou adopción na liña recta ou colateral, pagará sobre a cota por concesións do apartado A) e sobre licencias de obra e instalacións do apartado D) desta tarifa

2.1. Con parentesco de 1º grao 5%

2.2. Con parentesco de 2º grao 15 %

2.3. Con parentesco de 3º grao 30 %

2.4. Con parentesco de 4º grao 45 %

As transmisións entre cónxuxes non pagarán dereito ningún.

### Artigo 7.- normas de xestión

1. As licenzas concedidas dende a construción de calquera tipo de edificación no Cemiterio Municipal terán unha validez de tres anos dende a data de comunicación ó interesado do acordo correspondente; transcorrido dito prazo sen terse comezada ou finalizada dita construción, os interesados terán que solicitar unha nova licenza.

2. O Concello, no plano xeral do Cemiterio, establecerá a parte de terreo destinado á construción de tres ou catro alturas. As construcións destas características, de 3 ou 4 alturas, non se poderán alterar ou modificar no futuro.
3. A solicitude do permiso para construción de mausoleos e panteóns irá acompañada do correspondente proxecto e memoria, autorizadas polo Arquitecto Técnico Municipal.
4. Para os efectos de aplicación da tarifas contidas nesta ordenanza se determina a continuación as características de cada una das alíneas da mesma:

**Sepultura:** Espazo de terra destinado para ser depositado o féretro en terra.

**Cripta:** Obra de fábrica construída sobre unha ou máis sepulturas para depositar un ou máis féretros.

**Panteón:** Obra de fábrica singular sobre dúas ou máis sepulturas, con espazo no interior e ocos para depósito de féretros nos laterais e no fondo.

**Panteón con capela:** Obra de fábrica coas características do panteón e que, ademais, contén un oratorio no interior.

**Nicho:** Obra de fábrica construída sobre unha ou máis sepulturas para depositar un ou máis féretros.

#### **Artigo 8.- devengo e pagamento**

1. A taxa, en canto ao referente no artigo 6. C (atencións no cemiterio) ten o carácter anual e acreditarase o primeiro día de xaneiro de cada ano, agás no caso das altas, que se devengarán no momento da súa concesión ou/e autorización da construción. A cota será irredutible.

Os cambios de titularidade da concesión producidos durante o exercicio e as baixas só producirán efectos para o exercicio seguinte. A xestión deste concepto farase mediante Padrón.

O debeño da taxa e a obriga de contribuír nos supostos regulados nas letras A, D e E prodúcese no momento da prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose, para este efectos, que dita iniciación prodúcese coa solicitude daqueles.

Nestes casos os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos de que se trate e efectuarán o ingreso do importe en réxime de autoliquidación.

Nos supostos regulados na letra E anterior o debeño prodúcese no momento do outorgamento da respectiva licenza/autorización.

2. Ante a falta de pagamento da cota anual polo concepto de ATENCIÓNS NO CEMITERIO, o Concello tramitará o correspondente expediente para determinala caducidade das correspondentes concesións administrativas e revertelas mesmas ao Concello.

Dito expediente, salvo precepto legal que estableza outro procedemento será o seguinte: consistirá na notificación individual ós interesados concedendo un prazo de quince días par ao pagamento dos importes correspondentes así como as recargas, gastos e xuros que procedan; de non se posible a notificación individual, substituirase esta pola notificación colectiva mediante anuncio no Boletín Oficial desta Provincia.

#### **Artigo 9.- infraccións e sancións**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias así como ás sancións que ás mesmas corresponda, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

#### **Artigo 10.- dereitos funerarios**

O dereito funerario implica só o uso das sepulturas e columbarios do cemiterio, cuxa titularidade dominical corresponde unicamente ao concello. O dereito funerario así definido terá por causa e finalidade o enterramento de cadáveres e restos humanos, e polo tanto só poderá obterse no momento da defunción e nos supostos de traslado de restos cadavéricos e no suposto de inhumación de cinzas.

O dereito funerario pode ser de carácter perpetuo ou de carácter temporal.

- 1) Enténdese por dereito funerario de carácter perpetuo as concesións de terreos, sepulturas ou columbarios polo tempo indefinido que adxudique o concello a:
  - a) A nome dunha persoa física.
  - b) A nome dunha comunidade ou asociación relixiosa ou establecemento asistencial ou hospitalario, recoñecidos pola Administración pública, para uso exclusivo dos seus membros e dos seus beneficiarios ou acollidos.
  - c) A nome dos dous integrantes do matrimonio no momento da primeira adquisición.
- 2) Enténdese por dereito funerario de carácter temporal as concesións efectuadas en iguais condicións que as sinaladas no apartado anterior, coa única diferenza de que o tempo de duración da concesión será de 5 anos.

**Artigo 11.- dereitos funerarios II**

En ningún caso poderán ser titulares de concesións, nin de ningún outro dereito funerario, as compañías de seguros de previsión e similares.

**Artigo 12.- dereitos funerarios III**

As inhumacións en fosas sobre as que se concederán dereitos funerarios de carácter temporal, serán dun so corpo, e non poderá solicitarse o traslado de restos mentres non transcorra o período de duración da concesión.

Unha vez terminado o período da concesión de dereitos funerarios de carácter temporal, procederase a evacuar a sepultura, sendo por conta municipal o traslado dos restos ao osario xeneral.

E todos aqueles outros dereitos que estean recollidos na Ordenanza Reguladora do Cemiterio Municipal de Quiroga aprobado no BOP de Lugo.

**ARTIGO 13.- PÉRDIDA OU CADUCIDADE DOS DEREITOS FUNERARIOS**

Decretarase a perda ou caducidade do dereito funerario, con reversión do correspondente columbario ou sepultura ao concello nos seguintes casos:

- a) Por estado ruinoso da edificación, declarado co informe técnico previo, e o incumprimento do prazo que se sinala ao titular para a súa reparación e acondicionamento, previa tramitación do expediente, con audiencia do interesado.
- b) Por abandono. Considerarase como tal o transcurso de cinco anos desde a morte do titular sen que os herdeiros ou persoas subrogadas por herdanza ou outro título, instaran a transmisión o seu favor. Se os herdeiros ou persoas subrogadas por herdanza ou outro título compareceran instando á transmisión, e a sepultura estivese nun estado deficiente, deberá ser acondicionada nun prazo de seis meses, transcorrido o cal sen realizarse as reparacións necesarias, decretarase a caducidade do dereito funerario, con reversión ao concello.
- c) Por falta de pago dos dereitos ou taxas dentro dos prazos correspondentes, sempre cun mínimo de 5 anos.
- d) Por renuncia expresa del titular.
- e) Polo transcurso do período de concesión dos dereitos funerarios.

**Disposición adicional**

As disposicións desta ordenanza que, reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación e aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos mesmos.

**Disposición final**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no BOP e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, por remisión do disposto no artigo 70.2 da mesma.

Quiroga, 10 de agosto de 2021.- O alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 2415

**RIBADEO***Anuncio*

Faise público que por Resolución da Alcaldía desta mesma data foron delegadas as funcións desta Alcaldía-Presidencia, por ausencia do termo municipal de Ribadeo do Alcalde-Presidente D.Fernando Suárez Barcia, no Segundo Tenente Alcalde D. Pablo Vizoso Galdo e sucesivamente no resto de Tenentes de Alcalde pola súa orde de nomeamento durante os días 16 a 31 de agosto de 2021 ambos dous inclusive.

Ribadeo, 10 de agosto de 2021.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA. O SECRETARIO EN FUNCIÓNS, JOSÉ RODIL VEIGA.

R. 2416

## RIBEIRA DE PIQUÍN

### Anuncio

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ó publico, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo) relativo á aprobación da Ordenanza reguladora da expedición das tarxetas de accesibilidade: tarxetas de estacionamento e tarxetas de persoas usuarias do Concello de Ribeira de Piquín, cuxo texto íntegro faise público en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Contra o presente acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Ribeira de Piquín, 9 de agosto de 2021.- O Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

### **“ORDENANZA REGULADORA DA EXPEDICIÓN DAS TARXETAS DE ACCESIBILIDADE: TARXETAS DE ESTACIONAMENTO E TARXETA DE PERSOAS USUARIAS DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUIN**

#### **ARTIGO 1.- OBXECTO.**

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación a nivel municipal no Concello de Ribeira de Piquín, da expedición das tarxetas de accesibilidade: **tarxeta de estacionamento e tarxeta de persoas usuarias**, reguladas nos artigos 32 e 33 da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade e nos artigos 50,51,52 e 53 do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei anteriormente citada.

#### **ARTIGO 2.- TARXETAS DE ACCESIBILIDADE.**

Establécense na Comunidade Autónoma de Galicia dous tipos de tarxetas de accesibilidade: tarxeta de estacionamento e tarxeta de persoas usuarias.

1.- As tarxetas de estacionamento acreditativas da situación das persoas con mobilidade reducida, concederáselle a estas con carácter persoal e intransferible, de cara a favorecer o uso dos transportes privados e para que o seu titular poida gozar das facilidades de estacionamento relacionada con ela.

2.-As tarxetas de persoas usuarias acreditativas da situación das persoas con mobilidade reducida, concederáselles a estas, con carácter persoal e intransferible e con validez en todo o ámbito da Comunidade Autónoma, de cara a favorecer o uso dos transportes públicos.

#### **ARTIGO 3.- PERSOAS BENEFICIARIAS.**

Segundo o artigo 32 da lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, poderán ser persoas beneficiarias das tarxetas de accesibilidade as persoas con mobilidade reducida que teñan dificultades para utilizar transportes colectivos, segundo o baremo establecido no Real Decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, a declaración e a cualificación do grao de discapacidade, ou que teñan recoñecida unha discapacidade visual que implique un grao das limitacións na actividade igual ou superior ao 75 %

#### **ARTIGO 4.- DOCUMENTACIÓN.**

Presentarase nos servizos sociais comunitarios de base solicitude xunto con:

- Fotocopia do D.N.I.
- Resolución grao discapacidade.
- Dúas fotografías tamaño carné.
- Certificado de empadramento.

#### **ARTIGO 5.- MODALIDADE DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO.**

1.- Cando o titular da tarxeta sexa unha persoa física, poderá utilizala en calquera vehículo no que se traslade, sexa ou non da súa propiedade e sexa o titular da tarxeta o condutor do vehículo ou non.

2.- Cando o titular da tarxeta sexa unha persoa xurídica, estará vinculada a un número de matrícula ou matrículas dos vehículos destinados exclusivamente ó transporte colectivo de persoas con mobilidade reducida e será eficaz, únicamente, cando o vehículo transporte de forma efectiva a persoas que se atopen nalguna das situacións a que se refire o artigo 3.

3.- O uso da tarxeta de estacionamento está subordinado a que seu titular manteña os requisitos esixidos para seu outorgamento.

**ARTIGO 6.- DEREITOS DOS TITULARES.**

Os titulares da tarxeta terán os seguintes dereitos en todo o territorio nacional, sempre e cando, exhiban de forma visible a tarxeta na parte inferior do parabrisas dianteiro, de forma que resulte claramente visible dende o exterior.

A titularidade da tarxeta de estacionamento da dereito á:

- a) Utilización das prazas de aparcamento reservadas polo Concello, con carácter permanente, debidamente sinaladas para vehículos que transporten ás persoas titulares desta tarxeta.
- b) Ampliación do límite do tempo, cando este estivera establecido, para aparcamento de vehículos titulares desta tarxeta.
- c) Autorización para que os vehículos ocupados polas devanditas persoas poidan deterse na vía pública durante o tempo imprescindible, e sempre que non entorpezan a circulación rodada ou peonil.

A posesión da tarxeta de estacionamento en ningún caso suporá autorización para estacionar en zona peonil, en paso peonil, nos lugares e supostos en que estea prohibido parar, lugares que obstrúan vaos ou saídas de emerxencia, zonas acoutadas por razóns de seguridade pública e espazos que reduzan carrís de circulación.

**ARTIGO 7.- EXPEDICIÓN E MODELO DAS TARXETAS.**

As tarxetas de accesibilidade terán validez en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondéndolle ao concello de Ribeira de Piquín a súa expedición, logo da acreditación da condición de persoa con mobilidade reducida, segundo o baremo establecido no Real Decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, a declaración e a cualificación do grao de discapacidade.

No caso de non poder acreditar a condición de persoa con mobilidade reducida, o Concello de Ribeira de Piquín remitirá copia da solicitude ó Equipo de Valoración e Orientación (EVO) para a realización do informe preceptivo, que será vinculante para a resolución do procedemento, sendo competente para súa concesión ou denegación a Xunta de Goberno.

As tarxetas concedidas terán validez en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, en caso de cambio de domicilio do beneficiario, este deberá solicitar o traslado do expediente ao novo municipio de residencia.

O modelo de tarxeta axustarase ás características sinaladas no anexo III do Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

**ARTIGO 8.- CADUCIDADE E RENOVACIÓN.**

1.-Caducarán ós 10 anos da súa concesión no caso de que a cualificación de discapacidade sexa permanente e, no caso de que esta sexa provisional, caducará cando transcorra o prazo que indique.

2.-Para a renovación seguirase o mesmo procedemento que para o outorgamento inicial.

**ARTIGO 9.- RÉXIME SANCIONADOR.**

No suposto que se detecte o uso indebido da tarxeta de estacionamento de maneira reiterada e debidamente probada, a tarxeta será retirada durante un prazo de dous anos, debendo o interesado volver iniciar o procedemento para a súa nova expedición.

Así mesmo, no suposto de incumprimento da obriga respecto á colocación da tarxeta no vehículo, isto poderá implicar a súa retirada.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL.**

A presente ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación integra no BOP de Lugo, sendo de aplicación a partir dese mesmo día ata a súa derogación ou modificación expresa.”

R. 2417